



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 2009000020352

14/09/09 09:14:54

Asunto: Versión en castelán dos programas das materias que vaian surtir fóra do territorio da C.A. de Galicia.

O artigo 128 dos Estatutos vixentes da Universidade de Vigo dispón que *“No período de elaboración do plan de organización docente polos departamentos, estes entregarán na secretaría dos centros onde teñan docencia os programas das materias que impartan.....”*.

O artigo 9 do regulamento de estudantes di que *“Antes de comezar cada curso académico, tódolos departamentos teñen a obriga de entregaren na secretaría do centro onde van impartir-la súa docencia, os programas das materias que impartan”*.

Por outra banda o artigo 36.3 da Lei de 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Pública se do Procedemento Administrativo Común, modificada pola lei 4/1999, dispón que *“La Administración pública instructora deberá traducir al castellano los documentos, expedientes o partes de los mismos que deban surtir efecto fuera del territorio de la Comunidad Autónoma y los documentos dirigidos a los interesados que así lo soliciten expresamente.....”*.

De acordo co establecido anteriormente, nos casos de solicitude en castelán de programas de materias que teñan que surtir efectos fóra da C.,A. de Galicia, serán os Departamentos os responsables de facilitar aos centros a versión en castelán dos devanditos programas.

Vigo, 14 de setembro de 2009
A SECRETARIA XERAL



Esther González Pillado

- Sres/as Decanos/as e Directores/as de Centros
- Sres/as Directores/as de Departamentos

